

Corrección da actividade sobre as disciplinas filosóficas:

- a. O mundo está formado por un conxunto heteroxéneo de partículas que se mesturan a causa da intelixencia e deste xeito dan lugar ás distintas cousas.**

Pertence á metafísica. Estase pronunciando sobre a cuestión de cal é o principio ou elemento fundamental que constitúe a realidade. En particular, fálanos dun conxunto de partículas (unha realidade material) e unha causa que leva a que se mesturen, a intelixencia (unha realidade espiritual).

- b. A autosuficiencia é o fin máis desexable para o individuo, de xeito que debemos estudar os praceres e aclarar cantos e cales son.**

Ética. Por unha banda, estanos falando de fins (que son propósitos que perseguimos cas nosas accións), o cal xa nos da pistas de que se trata dalgunha disciplina da filosofía práctica. Por outra banda, afirma que “o fin máis desexable é a autosuficiencia”. Por tanto, está indicándonos que é bo, está dicíndonos como deberíamos dirixir a nosa conducta.

- c. O primeiro principio da realidade é a auga, que dou lugar a todo o demais. Así, unhas cousas son auga máis concentrada e outras auga máis lixeira.**

Metafísica. Como na a., está respondendo á cuestión de cal é o principio ou elemento fundamental da realidade. Neste caso, identifícao coa auga.

- d. O adolescente presenta características conflitivas: por exemplo, conflitos coa súa familia ou os seus pares. Sen embargo, hai que destacar que o concepto de adolescencia varía dunha cultura a outra. En Occidente dura anos, pero nalgunhas tribos africanas dura días, xustamente o que tarda o rapaz en cazar un león e converterse en adulto.**

Antropoloxía social ou cultural. Afírmase que a adolescencia é unha realidade social, que varía entre culturas. Por tanto, está estudando aspectos relativos á organización social humana.

- e. “Se chove, non irei de viaxe”, “Non fun de viaxe”, “Por tanto, non choveu”, son três xuízos que forman un razoamento falaz, é dicir, un razoamento que non é correcto.¹**

Lóxica. A lóxica é a disciplina que estuda a estrutura do razonamento correcto co fin de distinguir argumentos válidos de argumentos inválidos (ou correctos). Neste caso, estase afirmando que un razonamento concreto non é correcto.

¹ En clase, e seguindo o libro, clasificamos á lóxica como parte da gnoseoloxía, pero é preferible que especifiquemos un pouco máis e clasifiquemos a oración como pertencente á lóxica.

- f. **A realidade pode ser percibida por varias vías. O que ocorre é que algunhas delas, coma os sentidos, son enganosas, de modo que debemos rexeitalas e centrarnos na única vía que nos asegura a verdade, o coñecemento racional.**

Gnoseoloxía/epistemoloxía. A gnoseoloxía ocúpase de estudar o coñecemento. Un dos problemas fundamentais que trata é como a razón e os sentidos contribúen á construción do coñecemento humano. Neste caso, estanse pronunciando sobre este problema, afirmando que os sentidos son unha fonte de coñecemento enganosa, mentres que a razón si que nos podería levar á verdade.

- g. **O modo de vida dos membros da tribo !kung vese reflexado na súa mitoloxía, nas súas costumes, na súa relixión e nos relatos orais que se contan ás novas xeracións.**

Antropoloxía social ou cultural. Fálanos de diferentes elementos da cultura dunha tribo: a súa mitoloxía, costumes, relixión... E a antropoloxía social ou cultural estuda, precisamente, a cultura humana.

- h. **Queda un só dicir do camiño: que é; sobre ese camiño hai múltiples sinais: que, sendo non nacido, é tamén non perecedoiro, pois os seus membros están intactos, e sen temblor e sen final; nunca era nin será, posto que é agora todo á vez, un continuo; pois ¿que nacemento del buscarás?, ¿como e de onde medrou?; non che permitirei dicir nin pensar que do non-ser; pois nin se pode dicir nin pensar que non é. E ¿que necesidade o tería empurrado, antes ou despois, partindo da nada, a ser?**²

Metafísica. Este fragmento é complicado, pero existen dous termos que nos poden indicar que se trata da metafísica, isto é, o termo “nada” (ou “non-ser”) e o termo “ser”. A metafísica xeral ou ontoloxía estuda o ser, polo que a oración ha de estar relacionada coa metafísica.

- i. **Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito.**

Gnoseoloxía/epistemoloxía. Estanos falando do noso modo de acceso á realidade, da nosa forma de coñecer. En concreto, dubida da información que nos proporcionan os sentidos e a memoria.

- j. **Todos os imperativos ordenan ou hipotética ou categoricamente. Aqueles representan a necesidade práctica dunha posible acción como medio para acadar outra cousa [...] O**

² (OLLO, isto non é necesario sabelo). Este é un fragmento do *Poema do Ser* de Parménides. Neste, defende unha teoría moi contraintuitiva: o ser é un, inxenerado (non nacido), imperecedoiro, indeterminado e inmóbil (non suxeito a cambios). Neste fragmento, en concreto, defende a idea de que o ser non pode ter un nacemento, porque se o ser nacesse, entón tería que nacer da nada. Porén, se dicimos que o ser nace da nada, entón estaríamos supoñendo que a nada é, co cal xa non sería nada, senón ser! En conclusión, o ser non pode ter nacido, co cal debe de ser eterno.

imperativo categórico sería aquel que representa unha acción como obxectivamente necesaria por si mesma, sen relación con ningún outro fin.

Ética/Filosofía política. Está falando de “imperativos”, que son mandatos que nos din como deberíamos actuar (como deberíamos dirixir a nosa conduta). E a filosofía práctica trata de como deberíamos actuar, polo que debe tratarse, ou ben da ética, ou ben da filosofía política.